

As 4 aldeas

Número 93

Maio 2026



www.fillosdeois.org

Día das Letras Galegas

BEGOÑA CAAMAÑO

**Celebración das Letras Galegas
2026**

Festa do Verán

Excursión a Cambados e O Grove

Festa polo Frai Pedro

II Campionato de tortilla de Galicia

**Letras Galegas 2026: Begoña
Caamaño**



Minas en Coirós (imaxe xerada con IA)



Begoña Caamaño na muralla de Lugo

**Minas na comarca de Betanzos
entre o s. XIX e o s. XX: Coirós**

**Saída ambiental pola Reserva do
Catorce e os Montes do Gato**

Obras no cemiterio parroquial

O vello fidalgo

As 4 aldeas

As 4 aldeas é a revista da Sociedade cultural, recreativa e deportiva Fillos de Ois. Con esta cabeceira naceu en setembro de 1923 en Bos Aires, retomándose a súa edición en 1999.

Edita:

S.C.R.D. Fillos de Ois
Santa María de Ois
Coirós 15316 A Coruña

Correo electrónico:

fillosdeois@gmail.com

Páxina web:

www.fillosdeois.org

Imprime:

Vazmar - Betanzos.

Tlfn. 981 773 492

Depósito Legal: C2562-2012

A S.C.R.D. Fillos de Ois non se identifica necesariamente co contido dos artigos nin coas opinións dos seus autores.

Permítese a reprodución dos contidos publicados sempre que se cite a súa procedencia.



Núm. conta bancaria ABANCA:
ES16 2080 0018 0630 4002 3694

LETRAS GALEGAS 2026

O domingo 17 de maio, terá lugar a celebración das Letras Galegas, que este ano a Real Academia Galega dedica a Begoña Caamaño, escritora, xornalista e feminista galega. Begoña destacou, entre outros valores, pola defensa dunha comunicación veraz nun tempo marcado pola desinformación.



Os actos terán lugar no Local multiusos da Sociedade co seguinte programa:

19,30 h: Exposición da obra e vida da autora homenaxeada.

20,00 h: Servirase un aperitivo aos asistentes ao acto.



FESTA DO VERÁN

Día: Sábado 11 de xullo de 2026

Hora: 14,15 horas

Lugar: Instalacións sociais

Menú: Pulpo, churrasco, postre café e chupitos, pan, viño, auga e refrescos.

Tickets: socios 30 € e non Socios 40 €.

Para os menores de 7 anos a actividade é gratuita, pero deberán retirar ticket.

Actuación musical con Julio Milamores e inchables para os pequenos.

Retirada de tiques: Os domingos 28 de xuño e 5 de xullo de 12,30 a 13,30 horas na oficina da Sociedade.

Nota: Lémbrase que para poder asistir á actividade deberase ter pagada a cota social do ano 2026.



Prezos:
Socios: 30€
Non socios: 40€

Menú:
Polbo, churrasco,
sobremesa, café
e chupitos

Animación:
Música con
Julio Miramontes,
inchables para
os pequenos.

EXCURSIÓN CAMBADOS-O GROVE

As asociacións ACDR VV Coirós, SCRDR Fillos de Ois e ACR Collantres xuntámonos para viaxar coas veciñas/os!

Domingo 31 de maio de 2026.

Saída ás 8:15 da Sociedade Fillos de Ois

Almorzo, xantar, visita a Cambados, paseo en Catamarán no Grove con degustación de Mexillóns, gambas e bebidas!

Animádevos!

Imprescindible anotarse ata o día 27 de maio en cada asociación

Na SCRDR Fillos de Ois: Recollida de tickets os domingos 10,17 e 24 de maio de 12:00 a 13:00 nas oficinas sociais

EXCURSIÓN PARA SOCIAS/OS DOMINGO 31 MAIO 2026

SAÍDA: 8:00 HORAS
CHEGADA: 20:30 HORAS aprox.

ANTIGA ESCOLA de QUEIRÍS
CENTRO SOCIAL de COIRÓS
POLIDEPORTIVO do FONTELO - OIS
*Consultar paradas

ALMORZO (incluído)
CAMBADOS, MUSEO do VIÑO,
MUSEO RAMÓN CABANILLAS

Xantar Hotel Europa-Cambados:
PIÑA con LANGOSTINO
FIDEUA, PESCADA e CARNE. POSTRE e CAFÉ.


No GROVE...paseo en CATAMARÁN
con DEGUSTACIÓN de MEXILLONS,
GAMBAS e bebidas a fartar!

ANÓTATE ATA O 27 DE MAIO!

ACR Collantres 682 300 384
SCRDR Fillos de Ois Domingos 10,17 e 24 de 12:00 a 13:00 nas oficinas sociais
ACDR VV Coirós 623 583 938

Adult@s 45 €
Menores 25 €

AUTOBUSES DE BALDE!
AFORO LIMITADO
Organización técnica XG - #13



FESTA POLO FRAI PEDRO

A Comisión de Festas de Santa María de Ois xa está a organizar as festas patronais para este ano 2026.

E para comezar empezaron por organizar un día de Festa polo Frai Pedro, concretamente o 19 de abril que correspondía co segundo domingo da romaría.

Instalouse unha carpa no aparcadoiro do igrexario e nela xuntáronse unha boa cantidade de veciños para dar conta dun menú propio para a ocasión: callos, carne asada, postre e bebida.



II CAMPEONATO DE TORTILLA DE GALICIA

O luns 27 de abril celebrouse no CIFP Paseo das Pontes da Coruña a segunda edición do Campionato de Tortilla de Galicia, unha cita que continúa consolidándose como referente gastronómico arredor dun dos pratos máis emblemáticos do país. Na comarca coruñesa, incluíndo Betanzos e Coirós, elabóranse as mellores tortillas.


A xornada, que organiza Rafael García Santos e o seu equipo, reuniu a máis de 30 profesionais da hostalaría. Alumnado de formación culinaria e amantes da tortilla, puideron seguir en directo a elaboración das propostas participantes.

Nesta edición, Coirós, cuna histórica da tortilla, contou cun representante de excepción: **Carlos Boado**, do restaurante **El Caserío de Tión**. A súa proposta destacou pola técnica, o sabor e o respecto á tradición, o que lle permitiu acadar **un meritorio terceiro posto**, especialmente relevante tendo en conta o elevado número de participantes e o altísimo nivel das elaboracións presentadas. Resultaron gañadores **La Taberna de la Galera** da Coruña, en tortilla tradicional, e **Adega Lastras** de Betanzos na modalidade de tortilla “con”.

O certame volveu sorprender pola variedade de estilos e pola calidade das tortillas, nas que cada cociñeiro buscou un equilibrio propio entre textura, punto do ovo e identidade do produto. O xurado, composto por profesionais do sector gastronómico, valorou aspectos como o sabor, a presentación e a coherencia culinaria

de cada proposta. Ademais de promover a creatividade e o intercambio de coñecementos entre profesionais, o campionato serviu para poñer en valor o labor formativo do centro e o dinamismo da cociña galega contemporánea.





BEGOÑA CAAMAÑO

Begoña Caamaño (Vigo, 1964 – Santiago de Compostela, 2014) foi unha xornalista, escritora e feminista galega que destacou pola reinterpretación crítica dos mitos clásicos e pola súa defensa dunha información veraz e comprometida.

Miguel Gayoso Barreiro

Begoña Caamaño Rascado naceu en Vigo o 14 de outubro de 1964, no seo dunha familia de forte conciencia social e cultural. Medrou nos barrios vigueses do Calvario e Coia, espazos populares e dinámicos que marcaron a súa visión do mundo e a súa sensibilidade cara ás desigualdades. A súa formación inicial orientouse cara ao maxisterio, mais axiña descubriu que a súa verdadeira vocación era o xornalismo, oficio no que comezou a traballar moi nova.

Os seus primeiros pasos profesionais déronse en emisoras locais como Radio Popular e Radio Noroeste, e tamén como correspondente da Axencia de Noticias de Galicia e do

diario *El Sol*. A súa voz e o seu estilo rigoroso chamaron axiña a atención, o que a levou a colaborar en publicacións como *A Nosa Terra*, *Tempos* ou *Novas da Galiza*.

En 1989 incorporouse á Radio Galega, primeiro na delegación de Vigo e, a partir de 1992, na redacción central en Santiago de Compostela. Alí desenvolveu unha traxectoria sólida e diversa: participou no *Diario Cultural*, dirixiu e presentou programas como *Andando a Terra*, *Club Cultura* ou *Expresso de Medianoite*, e traballou tanto en cultura como en servizos



Begoña Caamaño con María Xesús Nogueira e Víctor Freixanes presentando Morgana en Esmelle.

informativos. O seu compromiso coa ética profesional levouna tamén ao sindicalismo: foi membro do comité de empresa e presidiu o Comité Interempresas da CRTVG, destacando polas súas denuncias de manipulación informativa durante a crise do *Prestige* en 2002.

A súa faceta literaria, aínda que tardía, foi fulgurante.

Publicou a súa primeira novela, *Circe ou o pracer do azul* (2009), aos 45 anos. Nesta obra revisita o mito de Circe e Penélope desde unha perspectiva feminista, outorgándolles

voz propia ás figuras tradicionalmente silenciadas. A crítica recibiu o libro con entusiasmo, destacando a súa orixinalidade e a súa profunda elaboración lingüística.

En 2012 publicou *Morgana en Esmelle*, unha inmersión na materia de Bretaña que lle valeu algúns dos principais premios literarios do país: o Premio da Crítica de narrativa galega, o Antón Losada Diéguez, o Anxel Casal e o da Asociación de Escritores en Lingua Galega. A novela consolidouna como unha das voces máis singulares da narrativa galega contemporánea, cun estilo marcado pola reinterpretación feminista dos mitos, a memoria íntima e colectiva, e unha prosa de grande intensidade poética.

A súa escrita, ademais de literaria, era profundamente política: Caamaño concibía a literatura como un espazo para cuestionar o patriarcado, desmontar relatos hexemónicos e reivindicar outras formas de estar no mundo. O seu traballo foi recoñecido por estudosas como María Xesús Nogueira e por colegas como Ana Romani, que salientaron a súa capacidade para interpelar o presente a través dos mitos.

A morte sorprendeuna o 27 de outubro de 2014, aos 50 anos, vítima

dun cancro de páncreas. Deixou dúas obras inacabadas: unha novela protagonizada por Sherezade e outra sobre a vida da súa bisvoa.

En 2026, a Real Academia Galega dedicoulle o Día das Letras Galegas, recoñecendo así a súa achega á literatura, ao feminismo e ao xornalismo galego. A institución destacou a súa “soberbia achega á literatura galega” e a súa defensa dunha comunicación veraz nun tempo marcado pola desinformación.

<https://academia.gal/letras-galegas/2026/begona-caamano>

https://es.wikipedia.org/wiki/Bego%C3%B1a_Caama%C3%B1o

La Voz de Galicia de 08 xaneiro de 2026, sección de Cultura.

As imaxes de Begoña Caamaño que ilustran este artigo e a que figura na portada foron obtidas da páxina web da Real Academia Galega:

<https://academia.gal/letras-galegas/2026/begona-caamano>



Begoña Caamaño e Ana Romani dan lectura ao manifesto do 8 de marzo na praza do Toural de Santiago de Compostela.

MINAS NA COMARCA DE BETANZOS ENTRE O S. XIX E O S. XX: COIRÓS



No concello de Coirós tan só se rexistran dúas solicitudes de prospección mineira. Unha delas no ano 1874 para extraer mineral de ferro e a outra en 1940 para extraer mineral de espato flúor ou fluorita.

Manuel Fiaño Sánchez
Miguel Gayoso Barreiro

O sector mineiro en España rexistrou unha gran transformación entre os anos 1850 e 1950. Foron cen anos nos que a minería sufriu unha gran expansión, máis acentuada entre os anos 1870 e 1914, en que os minerais como o chumbo ou o cobre vannos situar entre os primeiros produtores a nivel mundial. Un factor importante para esta expansión vai ser a transformación económica baseada na revolución industrial que impulsará a demanda de metais para a industria.

Na zona norte é onde se concentra o maior número de minas de ferro da Península, sobre todo en Vizcaya e Santander. Galicia vai contar cun bo número delas, espalladas por toda a xeografía.

Nos concellos que conforman a comarca de Betanzos hai abundante presenza delas, rexistrándose un total de 146, a maior parte delas no concello de Aranga. Dese total, 100 son solicitudes de prospección da mineral de ferro, principalmente en Aranga, Curtis, Miño e Paderne.

No Decreto de 29 de decembro de 1868, no que se establecían as bases xerais para a nova lexislación de minas (Gaceta de Madrid 1º de enero de 1869) definíase o termo "Pertencencia" como

Art. 11. La pertenencia o unidad de medida para las concesiones mineras, relativas a las sustancias de la segunda y



de la tercera sección, es un sólido de base cuadrada de 100 metros de lado, medidos horizontalmente en la dirección que designe el peticionario, y de profundidad indefinida para estas últimas sustancias. Para

DATOS SOBRE SOLICITUDES NA COMARCA ENTRE 1872 E 1943

Concello	Número solicitudes	Solicitudes De Ferro	<u>Pertenencias</u> Ferro	Outros Minerais	<u>Pertenencias</u> Outros min.	Total <u>Pertenencias</u> no concello
Aranga	40	30	617	10	529	1.146
Betanzos	6	2	100	4	124	224
Cesuras	11	9	132	2	40	172
Coirós	2	1	12	1	15	27
Curtis	35	22	1.106	13	535	1.641
Irixoa	11	2	38	9	478	516
Miño	18	17	582	1	20	602
Oza dos Ríos	2	---	---	2	237	237
Paderne	16	14	414	2	72	486
Vilarmaior	4	3	170	1	33	203
Vilasantar	1	---	---	1	84	84
TOTALES	146	100	3.171	46	2.633	5.804

las primeras termina dicha profundidad donde concluye la materia explotable.

Art. 12. Los particulares podrán obtener cualquier número de pertenencias por una sola concesión, con tal de que este número sea superior a cuatro.

Dentro da primeira sección estaban incluídas as pedras silíceas, arxilas, e en xeral todos os materiais de construción que formaban as canteras. Na segunda sección estaban o ferro, as piritas, espato flúor e o caolín, entre outros. E, por último, a sección terceira comprendía a antracita, hulla, lignito, grafito, petróleo e os aceites minerais, entre outros.

Minas na comarca de Betanzos


Para este traballo tomamos como base xeográfica a Comarca de Betanzos integrada polos concellos de Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Vilarmador e Vilasantar. Aínda que na actualidade Oza dos Ríos e Cesuras conforman un só concello trala súa fusión, na época estudada eran concellos independentes. De igual xeito o que agora coñecemos como concello de Miño anteriormente figuraba co nome de concello de Castro.

Coirós

No concello de Coirós tan só se rexistran dúas solicitudes de prospección mineira. Unha delas no ano 1874 para extraer mineral de ferro e a outra en 1940 para extraer mineral de espato flúor ou fluorita.

Mina «Esperanza»¹

En xaneiro de 1874
Leandro Varela Ruiz,
Interventor dos



▲ Ferro (1) ◆ Espato flúor (1)



dereitos de Consumos na cidade da Coruña, presentaba solicitude para o rexistro de doce pertenencias de mineral de ferro e outros metais na mina denominada «Esperanza», situada na parroquia de San Salvador de Colantres.

Verificaba a designación da mesma da forma seguinte:

Se tomará por punto de partida una cantera abierta propiedad de Pedro Rodríguez de Arnedo, de donde se medirán 300 metros al Norte, al Sur 300 metros, al Este 100 metros y al Oeste 100 metros, formando un rectángulo de las indicadas doce pertenencias.

Dous meses máis tarde, en marzo dese mesmo ano, o solicitante renunciaba á concesión e polo tanto declarábase caducada.

Mina «Concha»²

En xaneiro de 1940 o veciño de San Salvador del Valle (Vizcaya), Enrique Fernández Alberdi, presenta solicitude para rexistrar 15 pertenencias de mineral de espato flúor na mina denominada «Concha», situada no lugar do Casal, da parroquia de Santiago de Ois.

A designación da mina era a seguinte:

Se tomará como punto de partida el ángulo Nordeste del hórreo situado al Norte de la casa vivienda de D. Vicente Pérez Vázquez y a una distancia aproximada de diez metros. Desde este punto de partida, a la 1ª estaca y en dirección Norte, se medirán 100 metros, 1ª a 2ª dirección Este 150 metros, 2ª a 3ª dirección Norte 500 metros, 3ª a 4ª dirección Oeste 300 metros, 4ª a 5ª dirección Sur 500 metros, 5ª a 1ª dirección Este 150 metros.

¹ CEDAR. Caixa 1806, Expte. 011

² CEDAR. Caixa 1880, Expte. 001

BIBLIOGRAFÍA

BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA,

<https://arquivo.dacoruna.gal/documentos-dixitais>

CASTEJÓN MONTIJANO, R. (1986), «El siglo crucial de la minería española (1850-1950)», Papeles de economía española nº 29, pp. 30-48, Funcas

PÉREZ DE PERCEVAL VERDE, M.A.; LÓPEZ MORELL, M.A.; MANTECA MARTÍNEZ, J.I. (2005), «La minería española en los siglos XIX y XX», Bocamina. Patrimonio minero de la Región de Murcia, pp. 109-117, Universidad de Murcia. Universidad Politécnica de Cartagena.

O mapa foi xerado desde a web <https://mapas.xunta.gal/visores/basico/da-Información-Xeográfica-de-Galicia>.

O presente artigo é un extracto do publicado no Anuario Brigantinos número 47, correspondente ao ano 2024, co título "Minas na comarca de Betanzos entre o s. XIX e o s. XX" e que se atopa dispoñible para lectura e descarga no seguinte enlace:

<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/10423223.pdf>

Tamén se pode ver un pequeno video resumo do artigo no seguinte enderezo:

<https://youtu.be/AICaViPdK7I>

SAÍDA AMBIENTAL POLA RESERVA DO CATORCE E OS MONTES DO GATO

O pasado domingo 22 de marzo tivo lugar unha nova saída medioambiental organizada polo Concello de Sada e guiada por especialistas da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). A actividade, dirixida á cidadanía e de carácter gratuito, forma parte do convenio de colaboración entre ambas entidades para promover o coñecemento e a protección do patrimonio natural da contorna.



A actividade foi conducida por Juan Neira e Carlos Silvar, representantes da SGHN, que explicaron a importancia ecolóxica destes espazos, así como os principais retos de conservación que afrontan. As saídas, cun número limitado de prazas, teñen como obxectivo divulgar tanto os valores ambientais como os aspectos históricos e culturais dos lugares visitados.

Nesta ocasión, as persoas participantes visitaron a Reserva de Anfibios do Catorce, en Coirós, un espazo xestionado pola Fundación Fragas do Mandeo —da que a SGHN forma parte do padroado—, e posteriormente desprazáronse ao Monte do Gato, en Ois. Nesta segunda parada contou coa colaboración de Miguel Gayoso, membro da Asociación Fillos de Ois, quen achegou información sobre os valores naturais e culturais da zona.



OBRAS NO CEMITERIO PARROQUIAL

Os panteóns máis antigos existentes no cemiterio parroquial precisaban dunha actuación de mantemento dado o deterioro que presentaban polo paso do tempo.

A iniciativa da Asociación Veciñal Santa María de Ois acordouse, despois de varias xuntanzas cos veciños propietarios dos nichos, acometer as obras. A finais do mes de abril iniciáronse e consisten na renovación da cuberta e do revestimento exterior dos panteóns situados no adro do cemiterio parroquial.




O VELLO FIDALGO



Unha mañanciña de brétema, arrastrando unha vella maleta de madeira, Rosario foise da aldea levando no ventre unha nova vida e no corazón unha profunda ferida.

Manuel Fiaño Sánchez

Velaí vai o vello fidalgo, co seu porte erguido, mirada á fronte, paso miúdo. Sempre pasea só. Nesta vila na que todos se coñecen, el saúda se o saúdan, senón pasa coma se non coñecese a ninguén, portando elegantemente o seu chapeu e un bastón co mango tallado en marfil, herdado, ben seguro, dalgún antepasado que quizás fixera fortuna alén do mar. Semella ser un home importante e aínda ten os aires de grandeza propios da fidalguía. Arrastra ese aire de grande propietario, con varios lugares acaseirados e unha chea de montes con árbores centenarias que seguen a engordar sen a ameaza das serras dos madeireiros. Fillo único dun coronel do exército e neto dun terratenente da beira das Mariñas.



Os Portela eran xente importante e temida, señores dunha casa grande con caseiros submisos e cans ferros á porta. Sen unha pinga de vocación estudou a carreira de avogado, porque era impensable que o herdeiro dos señores da casa grande non tivera un título universitario que dera porte ao apelido. Nunca tivo necesidade de exercer, nin falta que fixo! Deus nos arredara do seu amplo descoñecemento do dereito nun xuízo. Casou, sen moito convencemento e sen o ardor amoroso propio daquel xa distante tempo da mocidade, con Clara Valderrama, unha moza da parte de Santiago, tamén filla única dunha familia fidalga emparentada de lonxe cos Portela. De aspecto enfermizo, dona Clara morreu ao pouco de se converter na señora da casa grande. Aínda así, tivo tempo de darlle unha filla, que tamén morrería aos poucos días de vir a este mundo.

Case ao mesmo tempo, seus pais, dona Tareixa e don Ricardo, foron abandonando este mundo. Ao pouco de quedar só, o vello fidalgo botou o pecho á casa grande, deixou aos caseiros a cargo da extensa facenda e foise vivir á vila. Tan só volvía a Folgueira unha ou dúas veces ao ano na procura dalgúns botes de mel das moitas colmeas que tiña producindo. Dos asuntos da facenda daba conta don Pascual, notario da vila e amigo persoal desde que estudaran xuntos en Santiago.

Velaí está, na mesma mesa á que

senta tódolos días, no mesmo bar que constitúe o seu refuxio desde que se asentara nesta pequena vila, xa hai uns cantos anos, co seu café con leite, lendo no diario. Raro é o día que non acude puntualmente ás once da mañá. Sempre senta no mesmo curruncho, nunha mesa de mármore que hai no fondo do local, que xusto ten unha lámpada enriba. Agora que a súa vista xa non está coma para enfiar agullas aquela lámpada faille máis doada a lectura. Se por casualidade a mesa está ocupada o camareiro faralle un aceno coa cabeza en sinal de que ten que agardar que deixen libre o sitio outros clientes. Daquela o noso fidalgo dará un pequeno paseo agardando a que o seu espazo quede libre. A escena converteuse sen querer nun ritual. Segundo senta xa o camareiro lle leva o café e o diario, que tamén semella que o teñen reservado para el só, quizás porque tampouco hai unha clientela que sexa moito de ler.

—*¡Bos días, don Xosé!, que tal se presenta o día?*— saúda coma sempre o camareiro.

—*Bien Secundino,*— responde el, mecanicamente e sen miralo, aínda que, por debaixo do fino bigote asome un aceno de medio sorriso.

Sempre a mesma pregunta e sempre a mesma resposta.

Secundino leva mil anos, coma quen di, traballando naquel local. É fillo de solteira e non tivo unha nenez, que digamos, moi sinxela. Antes de vir a este mundo, súa nai,

a señora Rosario, vivía soa nunha casaña cativa herdada de seus pais. Non tiña irmáns e, desde que morreran os vellos, tivera que facerse cargo da mísera herdanza que lle deixaran: unha vaca posta e dous ferrados de terra que escasamente lle proporcionaban unhas poucas patacas e outras tantas verzas para ir botando ao pote. Desde moi nova, Rosario tivo que botarse a traballar e ía a miúdo á casa grande dos Portela axudar nas tarefas domésticas: lavar, pasar o ferro, fregar o piso e todas aquelas que lle encomendaban. Non lle pagaban, pero iso si, comía de quente e así aforraba o prato de caldo na casa. Os Portela eran os donos de case toda a parroquia de Folgueira. Tiñan caseiros e criados a deus dar, pois naqueles tempos non faltaba quen, por unha cunca de caldo quente, ía traballar para os señores. Tódolos días había unha ringleira de veciños ofrecéndose para calquera tarefa. Eran tempos de escaseza. Tempos cativos.

Rosario era das que máis días botaba no pazo. Con tan só dezaioito anos, manexaba o traballo con destreza e rapidez, cousa que non pasaba desapercibida para a ama de chaves dos Portela, e mesmo para dona Tareixa, a señora da casa, quen sempre supervisaba persoalmente as tarefas domésticas do persoal.

A facenda dos Portela ía ter continuidade no único fillo que tivera o matrimonio, Xosé Freijomil Somoza y Senra. Era este un rapaz da mesma idade que Rosario, pouco máis ou menos.



Delgado coma unha espiga de centeo, moreno, de nariz afiada, cara alongada e rostro ben proporcionado. Os pais mandáranlo estudar para avogado a Santiago, xa que non lle vían predisposición por seguir a tradición familiar do servizo das armas.

O mozo volvía ao niño unha vez cada mes para velos pais e sobre todo para tapar os buratos que a vida santiaguesa lle ía facendo no peto. Nunha desas visitas o herdeiro dos Portela reparou naquela rapaza que movía os seus dezaioito anos con unha destreza moi difícil de esquecer. Desde aquel día as visitas aos pais comezaron a facerse máis frecuentes e mesmo comezou a poñer excusas para retrasar a marcha a Santiago. Veu vindo o verán e con el as tan agardadas vacacións. E co verán aflorou o amor. Cantas veces tiñamos escoitado historias nas que os señoritos se encaprichaban de mozas pobres, sen máis pretensións que saborear momentos de pracer carnal. Pois esta ben podería ser unha de tantas, ou quizás non.

Desta volta todo foi distinto. Nada se parecía ao que nos tiñan contado. No señorito Xosé prendera o lume do amor dun xeito tan intenso e sincero que non había océano que o apagase. E esa fogueira víase alimentada polo amor correspondido de Rosario.

Chegou o verán e con el chegaron os primeiros encontros, os primeiros bicos, a primeira e máis intensa paixón á que non foron quen, nin quixeron, resistirse.

Co outono chegou a caída da folla e de novo o comezo do curso académico. Os días fixéronse eternos e os fins de semana moi curtos. Santiago e a Folgueira distaban para os mozos un mundo, pero os seus corazóns estaban cada día máis preto e latexaban acompañados. O ano estaba durando unha eternidade. Rosario seguía a traballar na casa grande e vivía coa esperanza de que en calquera momento chegara o señorito Xosé. Pasou lentamente o inverno. A primavera trouxo consigo os urxentes desexos do verán. E por fin apareceu outro verán e con el o doce asubío do amor, a proximidade dos corpos, a necesidade de compartir



momentos e instantes eternos. Pasou ese tempo nun suspiro e outra vez o outono chamou á porta. Pero desta volta, dona Tareixa, sabedora das andanzas dos namorados, tiña xa trazado outro camiño para o descendente. Había que evitar que o herdeiro estragara unha liña xenealóxica de orixe fidalgo. Pouco importaba o que o rapaz sentira, pois estaba segura de que esas quenturas, propias da idade, se lle ían pasar co tempo.

Con ese propósito, os señores da casa grande arraxaron para enviar ao fillo a universidade de Salamanca para rematar a carreira de avogado. De nada serviron as protestas e os cabreos do herdeiro. A decisión estaba tomada e só cumpría acatala.

Un bo día dona Tareixa mandou chamar a Rosario ao despacho do señor. E alí, ámbolos dous patróns deixáronlle moi clariño que, polo seu ben, debía esquecerse do señorito Xosé. Non o volvería ver e, por suposto, non volvería traballar na casa grande. Ao tempo do aviso tamén lle entregaron un sobre con cen pesetas *“para que te compres algún vestido y busques un marido de tu clase”*.

Unha mañanciña de brétema, arrastrando unha vella maleta de madeira, Rosario foise da aldea levando no ventre unha nova vida e no corazón unha profunda ferida.

Na caixa das ánimas da igrexa da Nosa Señora da Folgueira, o crego atoparía un sobre con cen pesetas dentro.

Secundino, o camareiro do bar onde deixamos sentado ao noso fidalgo, empezou a traballar sendo aínda un neno con aqueles parentes da súa nai que se asentaron na vila e abriron o café de nome "Quilmes". Leva o mesmo uniforme desde hai mil anos: pantalón negro, camisa branca con garabata negra e chaqueta branca. Vaia, o mesmo non, que desde que empezou xa gastou uns cantos. Naceu nesta vila. Súa nai, a señora Rosario, nunca lle falou da aldea de onde viñera. El tampouco lle preguntou. El non quixo saber e ela escolleu esquecer. Secundino lembra que vivían de aluguer no primeiro andar dunha casaña pequena na rúa do Faro, propiedade dos donos do café onde traballa. Súa nai andaba de lavandeira nas casas de xente de posibles: o boticario, o secretario do concello, algún comerciante. Gañaba un mísero xornal que non lle deu para que o seu fillo puidese estudar en Santiago, pero nunca lles faltou un prato quente na mesa. Sendo aínda moi novo, Secundino comezou a traballar de camareiro no bar daqueles parentes. E alí segue. Non lle foi mal, pero tampouco se puxo rico, que digamos. Iso si, mercou a casa onde súa nai o criou e puido darlle estudos aos tres fillos que ten con Clara, con quen casou en canto cumpriu os vinte anos.

Non hai moito que a señora Rosario deixou este mundo, rodeada do agarimo do fillo, da nora e dos tres netos.

Tamén morreron os vellos donos do bar e os fillos non quixeron saber nada do negocio. Faltoulles tempo para desfacerse del. Mercárono dúas mozas de vinte e poucos anos, que disque son parella. Nada máis mercalo, fixeron reformas no local. Adecuárono aos novos tempos, novas luminarias, nova moblaxe, pintura fresca, en fin, déronlle unha volta, coma quen di. Pero, curiosamente, o lugar que ocupa o noso fidalgo nin o tocaron. Alí segue a mesma mesa de mármore branco, a mesma cadeira desgastada polo uso, a mesma lámpada no teito. Semella que parou o tempo naquel recuncho e que o deseñador de interiores que contrataron non foi quen de traspasar esa burbulla que envolve aquela esquina. Tamén hai quen



pensa que as donas do café xa o fixeron a propósito e manteñen aquel lugar e ao fidalgo como un reclamo comercial, coma quen ten colgado na parede un cadro antigo ou un mural. Como queira que sexa, o noso vello fidalgo mantén o seu status no local.

Agora no café hai música ambiente, o que non agrada moito ao noso persoeiro acostumado á soidade só alterada pola escasa conversa que mantén tódolos días co camareiro. Non lle agrada o novo aspecto do bar, preferiría que todo continuara igual que antes, pero atura os novos tempos e agradece que non tocaran o seu recuncho sagrado. Secundino segue a atendelo coma sempre. Non lle falta moito para a xubilación pero mantén o posto de traballo e ao igual que o vello fidalgo, xa forma parte da historia do negocio. Cambiáronlle o uniforme e agora viste todo de negro e cun mandil de cor morado. Non lle agrada pero para o que lle falta para xubilarse pensa que ben o vai aturar.

Ao pouco tempo de finar a señora Rosario, por algunha razón que se nos escapa ao entendemento, o vello fidalgo seguiu os seus pasos. Atopouno estirado na cama a rapaza que lle ía facer a comida e a limpeza. Vaia susto papou a pobre! O vello en calzóns, barriga arriba e coa boca e os ollos abertos. Fraco


coma unha araña. Do enterro fíxose cargo a funeraria a través dun seguro de decesos que o vello tiña contratado. A xente que acudiu ao funeral case cabía toda nun taxi. Ninguén avisou á familia porque nin familia lle quedaba. Vaia, que a comitiva fúnebre era máis ben escasa.

Onte á media mañá achegouse ata a cafetería un rapaz que fai prácticas na notaría da vila en busca de Secundino.

Sentado diante do señor notario, Secundino abriu os ollos e a boca coma o vello fidalgo cando morreu. Non daba creto ao que lle estaba a explicar o notario.

— *É vostede o herdeiro universal de don Xosé Freijomil Somoza i Senra, segundo o testamento que teño diante miña.*

As imaxes deste artigo foron xeradas con IA



LUNAS DE AUTOMÓVILES
 MECÁNICA CHAPA Y PINTURA
 LÍNEA PRE-I.T.V. ELECTRICIDAD
 CONVENIO COMPAÑÍAS DE SEGUROS



TALLERES
CORUÑA

C/ Pérez Cepeda, 12
 15004 A CORUÑA
 Tif./Fax 981 141 435

RAPIDEZ, SERIEDAD Y GARANTÍA
 EN NUESTROS TRABAJOS

C/ Viñas de Babilonia, 8 Bajo
 15179 SANTA CRUZ - OLEIROS



LA HUERTA
FRUTERÍA - CHARCUTERÍA



Pedidos 660 102 109
 Servicio a domicilio Tel. 881 916 198



INPAPE
SESORIA

María Fé Rubal - Ramón Rubal
 Brea, s/n. Guísamo
 Bergondo 15165 A Coruña
 Tel 981 796 608. Tel.Fax: 981 795 736
 e-mail: inpape@entorno.es



Manuel Vázquez Varela
MADERAS CHELO
 Parada, 8. Santa María de Ois
 15316 Coirós (A Coruña)
 Tifno. 629 852 013



OPTICA
Brigantium

OPTICA Brigantium
 Avda. Jesús García Naveira, 15
 15300 Betanzos
 Telf. 981 770 152



LAVANDERÍA INDUSTRIAL
LAS CAMELIAS
 Concepción Arenal 95
 15300 Betanzos
 administración@lavanderialascamelias.com Tifno: 657 221 249



Pintura y Decoración
Julio Platas
 Santiago de Ois, nº 59
 15316 Coirós (A Coruña) Tel. 981 79 81 10
 Móvil 699 45 12 47

CONSTRUCCIONES
Platas Rocha
 Santiago de Ois, 18
 15316 COIRÓS (A Coruña) Tif. móvil 630 87 34 66
 Tifs. 981 79 83 56 - 981 79 63 62




TOCHO Telf. 981 770 515
 BETANZOS - A CORUÑA
 Profesionales Pinturas - Puertas - Ferretería
 a su servicio Alquiler de Maquinaria



AGRO-PESCA RAFA
 COMERCIAL AGRICOLA
 ABONOS 981 796 645 PESCA
 PIENSOS 628 800 786 PLANTAS
 SEMILLAS JARDINERIA
 Queirís, 63. 15136 COIRÓS (A Coruña) agropescarafa@gmail.com



CLÍNICA DENTAL PARDELLAS
 Tratamento integral da túa boca coa última tecnoloxía
 Especialistas en cirurxía, implantes, prótesis e estética dental.
 Arreglo de rotura de prótesis nunha hora. Financiación a medida e sen intereses.
 Rúa Caneiros nº 3 baixo dereita, Betanzos
 Pida a súa cita no 981 77 13 26 ou en www.clinicapardellas.com

MARTA PAZ
 COIRÓS TAXI LIC. 4
 657.252.044




Cervecería Vázquez
 saavedra menses betanzos
 Saavedra Menseses. 62 - 15300 Betanzos Tifno. 981 77 26 02



Samuel
 PORTES ESPECIALIZADOS
 PORTES - MUDANZAS - GUARDAMUEBLES
 676 082 325
 www.samuelportesespecializados.com

El Caserío de Tión
 Os Chas, 5
 15316 Coirós, A Coruña
 Telf. 981 970 541



El Caserío
de Tión

Especializados en tradicional
 Productos de primera calidad
 Menús especiales - Comida para llevar
 Si estás pensando en hacer una
 celebración especial en grupo, llámanos.



a orixe,
a esencia
TORTILLA DE COIRÓS

LUGAR MONTESALGUEIRO, 6 (N-VI)
 15317 ARANGA (A CORUÑA)

AGROFORMAN
 AGRÍCOLA | FORESTAL | VIVEROS MANTARAS, S.L.

Telf. 629 887 267 | 606 706 436
www.agroforman.com | @agroforman



PUNTO DE VENTA AUTORIZADO



LOTERÍAS
Y APUESTAS DEL ESTADO

Destinatario

Remite



S.C.R.D. FILLOS DE OIS
 Santa María de Ois
 Coirós 15316 A Coruña